



Aprovéitanse xeralmente case todos os elementos, porque soen estar en bo estado, trabes e pontóns, ripia: reciclaxe natural, sustentabilidade.

A estrutura dos entramados de piso

22. Como é?

O tipo de estrutura que atopamos nos edificios tradicionais, realizada con madeira, é unha intelixente solución ensaiada durante séculos nos que foi perfeccionándose pouco a pouco. É sinxela e adaptada aos materiais da zona e ao seu máximo aproveitamento. Fórmase as trabes de madeira, xeralmente de castiñeiro ou de carballo, que se apoian nos muros, e os pontóns, pezas de madeiras máis delgadas que se apoian nas trabes.

23. Pódese cambiar?

En xeral, as estruturas dos edificios tradicionais compoñen sistemas fáciles de reparar ou modificar, e para os que sempre teremos repostos. Na maioría dos casos a estrutura existente pódese aproveitar, pois, cambiando os elementos que estean deteriorados, a estrutura segue a ser útil e segura durante moitos anos. É doado substituír estes elementos e existen estruturas de madeira documentadas que teñen máis de 700 anos e aínda se utilizan.

24. Cal é a mellor estrutura?

Incuestionablemente ensaiada no tempo, a estrutura mellor adaptada a esta arquitectura é a estrutura existente, a de madeira. As estruturas de madeira son lixeiras, cómpre pouca enerxía para producilas e son reciclables. Ademais, a madeira prodúcese relativamente preto da obra, de xeito que no seu transporte se consome pouco combustible. O formigón armado é pesado e necesita rozas para apoiarse nos muros que afectan á estabilidade destes, e o aceiro é pesado e consome moita enerxía na súa fabricación.